

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA POLA QUE SE DENEGA A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A UTILIZACIÓN DE CORDAS DE CHICOTEO NAS BATEAS DOS POLÍGONOS DE CULTIVO DO ÁMBITO DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O día 10 de xullo de 2025, a Federación de Asociación de Mexilloeiros (FEMEX) solicita a ampliación do prazo de utilización de cordas de chicoteo nas bateas de todos os polígonos de Galicia ata o día 30 de setembro de 2025, motivada polo aumento do prazo de extracción de semente de mexillón (mexilla) na campaña 2024-2025 ata o 31 de maio de 2025. Argumenta que o maior volume de recollida se realizou nos meses de abril e maio, polo que estiman a necesidade de prorrogar o período de autorización do chicoteo desta mexilla para favorecer a homoxeneidade de produto e a súa calidade.
2. A Subdirección Xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura emiten o *“Informe sobre a solicitude de ampliación do prazo de utilización do chicoteo para cordas de engorde nas bateas de todos os polígonos de Galicia”* que se mostra desfavorable a anterior solicitude.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 174/2002, do 10 de maio, polo que se modifica o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, aprobado polo Decreto 406/1996, do 7 de novembro, establece no artigo 35 que dende o 1 de decembro ata o 31 de xullo poderá realizarse chicoteo nas cordas de engorde, a fin de favorecer a homoxeneidade do produto e mellorar a súa calidade. Así mesmo se contempla a excepcionalidade de modificar o mencionado prazo cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie e consecuentemente modifiquen a época do ano de fixación larvaria, repercutindo no período de extracción da semente.
2. O período de extracción de mexilla establecido no artigo 37 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia dende o 1 de decembro ata o 30 de abril, foi ampliado polos Departamentos Territoriais de A Coruña e Vigo de forma extraordinaria ata o 31 de maio de 2025 mediante sendas Resolucións con data 30.04.2025.

Dirección Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 008 / 981 182 010 / 981 180 013
spait.mar.coruna@xunta.gal





3. O artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, establece que no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente de mexillón en bateas de modo que o número de cordas non sobrepase as cen (100) respecto ao máximo autorizado por batea (500).

4. Por Resolucións do 11.03.2025 dos Departamentos Territoriais de A Coruña e Vigo ampliouse o período autorizado para a colocación das 100 colectoras a maiores do máximo autorizado por batea (500) do 11 de marzo ata o 30 de setembro do 2025.

Por Resolución do 11.03.2025 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, foi autorizada, con carácter extraordinario, a colocación de ata 50 cordas colectoras a maiores por batea en todos os polígonos de cultivo de Galicia durante o período autorizado.

5. O informe do día 29.05.2025 asinado polo subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura é desfavorable a ampliación de prazo solicitada por FEMEX e argumenta:

"1. No que respecta a captación de mexilla de banco natural na campaña 2024-2025, que rematou en maio, está moi por debaixo do que sería de esperar. Das máis de 3.300 bateas autorizadas ao cultivo de mexillón só 162 declararon extracción de mexilla, con unha cantidade media de 2.014 kg/batea. En total, foron realizadas 790 declaracións (unha media de 6 declaracións por batea) para una cantidade total de 326,3 toneladas.

As estimas da cantidade media de mexilla recollida por campaña en banco natural son de entre 6.000 e 10.000 toneladas (Padín e colaboradores, 2024). As cantidades declaradas na campaña 2024-25 son moi inferiores ás estimadas, menos dun 6% con respecto ao límite inferior das estimas.

Por outra banda, si tomamos os datos declarados como unha mostra do ocorrido durante a campaña 2025, vemos que os datos contradín o que indica FEMEX na súa petición, de xeito que a extracción de mexilla en banco natural caeu entre abril e maio.

2. Con respecto as cordas colectoras, en total figuran só 31 declaracións, que suman un total de 104,4 toneladas de mexilla. Hai que ter en conta que nesta campaña 2025, para o período extraordinario no que se poden colocar as 100 cordas a maiores (+ 50 extraordinarias autorizadas pola DX), temos 593 comunicacións de colocación desas cordas extraordinarias (72.864 cordas). É dicir moi poucos declaran a mexilla captada.

Por todo o anterior, informamos desfavorablemente a solicitude presentada o 10.07.2025, pola a Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX), na que solicita a ampliación do prazo para o chicoteo das cordas de engorde ata o 30 de setembro de 2025."





Visto o exposto e ao abeiro das súas competencias, esta Dirección Territorial,

RESOLVE

DENEGAR a solicitude de ampliación do prazo para a utilización de cordas de chicoteo nas bateas dos polígonos de cultivo do ámbito territorial de competencia deste departamento.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

(asinado dixitalmente)

